



A causa militar contra Pinedo Castro

Description

No expediente instruido a instancias dunha denuncia con identidade certificada como falsa pero suficiente para poñer en marcha o procedemento, consta o parecer emitido pola Guardia Civil de que xa constaba que no verán de 1937, Pinedo residía en Mugá, onde dez meses antes fora acollido polo seu primo, o médico Alejandro Abella Lema, de Izquierda Republicana. Pinedo, á conecido y destacado elemento galleguista y activo militante y propagandista del funesto y fenecido Frente Popular, era obxecto de vixilancia, sen observar nada anormal en la conducta política y social, pública ni privada, disimulando adhesión a nuestras armas, y a nuestra Santa Causa, o cal consideraba que no es fácilmente creíble en un hombre de la edad, compromisos políticos, ciertos vuelos intelectuales, fanatización de sus ideas autonomistas, vieja y destacada actuación política en el campo galleguista.

Desmente este informe, non obstante, que tivera participación nun asalto ao Goberno Civil da Coruña en febreiro de 1936, se ben recoñece que a residencia en Muxía obedece ao temor a ser recoñecido e acusado pola súa militancia política. Aínda así, ese acollemento non tiña finalidade política ni bastarda intención, sen que era expresión de puro afecto de familia, xa que o pai de Pinedo estaba huído en Montevideo y su madre y hermana, todos de opulenta posición económica, residendo en Portugal desde hace varios años.

Noutra diligencia de seguemento da súa conduta y gñero de vida en relación con sus ideas izquierdistas y galleguistas, constatase que se supone sigue siendo desafecto, sin que hubiera hecho ninguna aportación personal, contribuido a ninguna suscripción ni asistido a ninguna manifestación patriótica, resultando un tanto sospechoso e aconsellando se le vigile discretamente. Pese a todo, outra diligencia posterior destaca que na Coruña non existe nada pendiente contra el mismo.

A presenza no Goberno Civil, un argumento determinante do seu rumbo procesal, foi motivo dunha diligencia especial a partir do contraste dunha información recollida por El Ideal Gallego, que relata a comparecencia no organismo, entre outros, de Pinedo Castro, para averiguar certos extremos relativos aos comicios en vilas como Arzúa, Carballo, ou Árdenes. Na información sinálase que lle foi esixido ao Gobernador a designación de delegados gubernativos, instituíndose un comité con autoridade no que Pinedo representaría aos galleguistas.

Na declaración de Pinedo Castro, efectuada nunha comparecencia voluntaria a 30 de agosto de 1939 ante o Juzgado Instructor Provincial de Responsabilidades Políticas, manifesta que, en efecto, estivo no Goberno Civil en febreiro de 1936 para enterarse da marcha das eleccións sen tomar parte en asalto ningun e que se aceptou o acollemento en Muxía foi polo temor a verse detido novamente como xa o fora en agosto de 1936 no Cuartel da Falange da Coruña (as vicisitudes desta detención contímolas aquí). Di tamén que en Muxía levaba unha vida normal e non como refuxiado como o demostraba a participación pública en obras benéficas (un comedor infantil) que acredita con recibos. Asegura igualmente que tralo golpe do 18 de xullo de 1936 permaneceu na súa casa da Coruña sen participar

en actividade algunha. E se ben foi detido, foi posto en liberdade, sobrevivindo agora cunha pensión familiar de 400 pesetas.

Un oficio do Comisario de Investigación e Vixilancia da Coruña dirixido ao xuíz militar complementa as súas indicacións respecto á militancia democrática sinalando favorablemente que se mostrou sempre enemigo de violencia, respetuoso con la religión y principios de Autoridad.

Outro informe da Guardia Civil de 16 de outubro de 1939 sinala que se trata dun elemento destacado en el Partido Galleguista, persoa relevante que tomaba parte en viaxes e mitins de propaganda, e insiste en que participou na acción de facerse cargo do Goberno Civil da Coruña en unión de un tal Maseda -fusilado-, Miñones y otros, abundando en deslices de natureza privada, amancebado con varias individuos de baja estofa, que las visita de noche en sus domicilios.

O informe final constata a súa militancia política, destacando tamén a súa participación como comprometido nas eleccións ao Presidente da República ao tempo que sinala que non tomou parte en actos de resistencia ao exército. Descarta por iso a existencia de responsabilidade criminal e ordénase o arquivo, o cal deriva que lle serán esixidas na súa dimensión política co resultado que xa coñecemos: quince anos de inhabilitación absoluta, oito anos e un día de desterro a máis de 100 km de Muxía e 25000 pesetas de multa. De ter proseguido o procedemento militar, o fallo, con certeza, sería doutro calibre.

Formalmente, a Causa 1221/1939 foi instruída contra Plácido Castro Ríos (non del Ríos) polo motivo de rebelión.

Expediente Dilixencias Previas Plácido Castro

APARTADO TEMÁTICO GEOGRÁFICOS

Foreign action of Galicia

ETIQUETAS

Plácido Castro Fundación Plácido Castro

INVESTIGACION

Paradiplomacy

Date Created

April 19, 2025

Meta Fields

Autoria : 3717